REUNIÓN TÉCNICA

I DÚATLON VAL DE SONEIRA
CONCELLO DE VIMIANZO

Circuíto Galego de Dúatlon de Estrada 2022

Circuíto Mozo 2022

3/04/2022

NORMATIVA DE APLICACIÓN

O/ A Deportista é responsable de respectar as normativas vixentes de prevención e contención da propagación da COVID 19 e o protocolo específico da Federación Galega de Tríatlon certificado pola Secretaría Xeral para o Deporte vixente.

A proba rexerase polo protocolo FISICOVID-DXT vixente de aplicación, coas modificacións realizadas respecto ao uso de máscara no exterior. É de obrigado cumprimento para todas as persoas involucradas no evento, o seguinte:

- **Manter a distancia interpersoal de 1.5** e evitar o contacto físico.
- **Uso de máscara cando se atopen en espazos pechados**
- **Evitar lugares concorridos, aglomeracións de persoas** ou saúdo con contacto físico.
- **Non acudir á proba en caso de presentar síntomas compatibles coa COVID-19,** febre ou contacto estreito recente con positivos.
- **Manter a frecuente hixiene de mans e materiais**

En caso de detección, ou auto detección, de sospeita de COVID -19 no entorno da proba, seguiranse as directrices vixentes establecidas polas autoridades sanitarias.

Infórmase a deportistas de máis de 60 anos de que existe un maior risco de consecuencias graves en caso de contaxio e recoméndase unha maior toma de medidas preventivas pola súa parte.

XUNTA DE GALICIA DEPORTE GALEGO

FEGATRI FEDERACIÓN GALEGA DE TRIÁTLON E PENTATLON MODERNO

LOCALIZACIÓN E SERVIZOS

Localización:
Praza do Concello, 6 - 15129 Vimianzo https://goo.gl/maps/vuF21dz19BA25ui6A
43°06'36.8"N 9°02'03.0"W (43.110214, -9.034170)

Servizo de vestiarios e gardarroupa

- Habilitarase un servizo de gardarroupa que estará situado nas inmediacións da zona de saída e meta. A bolsa ou mochila deberá estar identificada co dorsal do deportista.
- Seguindo o Protocolo Covid-19 SUPRÍMENSE os servizos de vestiarios e duchas.
- As zonas por onde discorren os circuítos estarán pechadas ao tráfico durante toda a carreira ata o remate da competición.

ACCESO A ZONA DE COMPETICIÓN

- **Só poden acceder a zona de competición as persoas acreditadas:**
  - Deportistas inscritos/as
  - Persoal técnico acreditado
  - Organización
  - Oficiais

PRESENTACIÓNS E CIRCUÍTOS

- **Persoas clave:**

  Director de Carreira: Víctor Santos

  Delegado Técnico: José Manuel Rey

  Xuíz Árbitro: Arantxa Tome

  Coordinación COVID: Gonzalo Triunfo

- **Xurado de Competición**

  Delegado Técnico: José Manuel Rey

  Federación Galega: Gonzalo Triunfo

  Representante Clubs: Manuel Rosales (CD Pinarium)

HORARIOS POPULAR E MOZO

- **8:45 h.** Apertura secretaría da Competición
- **9:00 a 9:50 h.** Control Material
- **10:00 h.** **Saída Mozo**
- **10:02 h.** **Saída Popular**
- **11:15 h.** **Entrega de Premios Mozo**

As/os deportistas deberán estar na cámara de chamadas 10 minutos antes da súa hora de saída

HORARIOS CIRCUÍTO GALEGO

8:45 h.	Apertura secretaría da Competición
10:00 h. a 10:50 h.	Control de Material Feminina
11:00 h.	**Saída Feminina**
11:30 h. a 12:30 h.	Control de Material Masculina
12:40 h.	**Saída Masculina**
13:00 h.	**Entrega de Premios Feminina[1]**
14:15 h.	**Entrega de Premios Masculina[1]**

[1]Tempo total para clasificarse para Campionato Galego: 1h 35 minutos)
[2]Tempo para clasificarse para Campionato Galego: 1h 02 minutos ao remate do segundo segmento

As/os deportistas deberán estar na cámara de chamadas 10 minutos antes da súa saída

DISTANCIAS

Proba	Segmento 1		Segmento 2		Segmento 3	
Supersprint	2,4 km	2 voltas	13,5 km	3 voltas	1,2 km	1 volta
Sprint	5 km	2 voltas	19,7 km	3 voltas	2,5 km	1 volta

CONTROL DE MATERIAL

- **Para acceder ao control de Material é imprescindible:**
  - Bicicleta e material regulamentario para probas con " drafting permitido"
  - Casco con certificación para uso ciclista.
  - O casco debe estar posto sobre a cabeza e abrochado.
  - Dorsal de corpo, Casco, Bicicleta e chip

    ***(O dorsal é obrigatorio en todos os segmentos, por diante para carreira e nas costas para ciclismo)*

- **Dentro da transición:**
  - Bicicleta colocada á esquerda do número de dorsal **ca roda dianteira mirando cara o pasillo (Tanto na T1 como na T2)**
  - Casco sobre a bicicleta coas correas despechadas.
  - Só se pode deixar o material para competir
  - Calquera marca ou material que non sexa de competición será retirado polos oficiais.

PROCEDEMENTOS PREVIOS Á SAÍDA

Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas colocaranse na zona de pre-saída, onde respectarán as distancias.

Un/ha oficial indicará que os deportistas se coloquen na liña de presaída sen pisar a mesma.

O Delegado Técnico indicará aos seus postos e procederases á saída cando soa a bucina.

PERCORRIDOS - 1º segmento – SUPERSPRINT

2 voltas - Total 2,4 Km.



PERCORRIDOS - 1º segmento –SPRINT

2 voltas – Total 5 Km.





TRANSICIÓN 1
SUPERSPRINT – SPRINT



PERCORRIDOS - Ciclismo SUPERSPRINT

3 voltas - Total 13,5 Km.

Precaución pasos peóns elevados ⚠

PERCORRIDOS — Ciclismo SPRINT

3 voltas - Total 19,7Km.

TRANSICIÓN 2
SUPERSPRINT – SPRINT



PERCORRIDOS - 3º SEGMENTO –SUPERSPRINT

1 volta - Total 1,2 Km.



PERCORRIDOS - 3º segmento –SPRINT

1 volta - Total 2,5Km.

PRECAUCIÓN

- En caso de ver a voluntarios con silbato e bandeira vermella



CRONOMETRAXE E CLASIFICACIÓNS

- A Cronometraxe da proba será electrónica. Realizarase con chip que se entregará no rexistro e terá que ser devolto unha vez conclúa a proba
- Unha clasificación provisional será publicada no taboleiro de anuncios, para garantir os dereitos de reclamación apelación dos/as deportistas.

https://fegatri.org/wp-content/uploads/2017/12/Procedemento-de-Reclamaci%C3%B3n-Apelaci%C3%B3n-probas-da-FEGATRI.pdf

- As clasificacións oficiais publicaranse na web www.fegatri.org

PREMIOS SUPERSPRINT

Proba Popular:

*Trofeo ou medalla ás 3 primeiras/os da clasificación xeral.

* Trofeo ou medalla á primeira/o clasificados empadroados en Vimianzo.

Proba do Circuíto Mozo :

* Trofeo ou medalla ás 3 primerias/os cadetes.

* Trofeo ou medalla ás 3 primeiras/os xuvenís.

* Trofeo ou medalla ás 3 primeiras/os junior.

* Trofeo para os tres primeiros Clubs

As entregas de premios faranse inmediatamente rematada cada proba, no horario marcado e co protocolo establecido

***(Normativa Covid- O/a Deportista ou club que non poida estar na entrega de premios deberá informar ao Xuíz Árbitro ao remate da proba ou seralle de aplicación o Art. 8.6 do Regulamento de competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono*

PREMIOS CIRCUÍTO GALEGO SPRINT

- Trofeo ou medalla ás 3 primerias/os Absolutos
- Trofeo ou medalla ás 3 primeiras/os Sub23
- Trofeo ou medalla ás 3 primeiras/os junior.
- Trofeo ou medalla ás 3 primeiras/os Xuvenís
- Trofeo ou medalla ás 3 primeiras/os Veterano 1
- Trofeo ou medalla ás 3 primeiras/os Veterano 2
- Trofeo ou medalla ás 3 primeiras/os Veterano 3

- Trofeo para os tres primeiros Clubs Masculino e Feminino

As entregas de premios faranse inmediatamente rematada cada proba, no horario marcado e co protocolo establecido

***(Normativa Covid- O/a Deportista ou club que non poida estar na entrega de premios deberá informar ao Xuíz Árbitro ao remate da proba ou seralle de aplicación o Art. 8.6 do Regulamento de competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono*

PREMIOS ECONÓMICOS CIRCUÍTO GALEGO SPRINT

- 1º e 1ª clasificados absolutos: 150€
- 2º e 2ª clasificados absolutos: 100€
- 3º e 3ª clasificados absolutos: 50€

- 1º club masculino: 200€
- 1º club feminino: 200€

PREVISIÓN METEOROLÓXICA



Predición a curto prazo para Vimianzo

	xoves, 31 de marzo			venres, 01 de abril			sábado, 02 de abril			domingo, 03 de abril		
	Evolución			Evolución			Evolución			Evolución		
	Mañá	Tarde	Noite	Mañá	Tarde	Noite	Mañá	Tarde	Noite	Mañá	Tarde	Noite
Estado do ceo POR HORAS												
Vento						VAR						
Ocorrencia chuvia	80%	80%	40%	60%	60%	40%	5%	5%	5%	60%	20%	5%
Temperatura(°C)	MIN MAX 8° 14°			MIN MAX 5° 12°			MIN MAX 4° 13°			MIN MAX 4° 13°		
UV Máximo	4			4			4			-		
Avisos Meteo										-		
Calidade aire										-		
Comentario	Prevense ceos con nubes e claros nas próximas datas, ocasionalmente pouco anubrados ou despexados. Haberá precipitacións o xoves, o venres e o domingo pola mañá. En canto ás temperaturas, serán normais para este período, con mínimas que descenderán moderadamente e máximas que se manterán sen cambios. No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.											
Actualización	31/03/2022 09:00			31/03/2022 10:00			31/03/2022 11:00			31/03/2022 11:00		

¡¡ BOA SORTE !!

XUNTA DE GALICIA

DEPORTE GALEGO

FEGATRIB

FEDERACIÓN GALEGA DE TRÍATLON E PÉNTATLON MODERNO